

OS RECI- CLIA- DORES

O INICIO



ACULTURAPREOKUPA.BLOGALIZA.ORG

OS RECICLADORES. O INICIO

Reciclador nº 22

I

Sou un dos recicladores. Traballo nas sombras. O pasado venres entrei na gruta con vinte e un dos meus irmáns. Sincronizados partimos desde o noso agocho, alí onde durante seis meses fora convocado o Conciliábulo para organizar a Toma. Saímos coas nosas máscaras e monos de traballo, empurrando carriños da compra cargados con trades, alóxenos, desaparafusadores e mazas, martelos, altofalantes, e un oso de peluche ben grande... Cando estabamos a piques de chegar á gruta, por unha rúa perpendicular, apareceu unha pequena manifestación: unha vintena de persoas, con cámaras e micrófonos, traballadores de distintos medios de comunicación, *paparazzis* que non atoparían máis que anonimato, e que foran convocados para filmar a entrada.

II

"Menos dun minuto para a saída". Gardabamos silencio no agocho. "Dentro de medio minuto sae o primeiro grupo", dixo un. Outro contestoulle, "pero se eses xa saíron fai cinco". Estabamos un pouco nervosos.

Colocábonos e recolocabamos as máscaras sobre os nosos rostros, unha e outra vez. Xa! Saíde, saíde! Recordade, dúas persoas por carro, dúas persoas por carro! O tránsito do agocho á gruta debía ser rápido e silencioso. Pero os carriños, cheos ata arriba de ferramentas pesadas, non cesaban de traquetear sobre o pavimento. A xente mirábanos con cara rara. Unha vintena de zumbados, con perrucas estridentes e a cara tapada. Deberíamos ser como serpes reptando sixilosas polo deserto, pero máis ben parecíamos unha cabalería, facendo retumbar o chan coas nosas ferraduras, baixo o peso das corazas. Chegamos ruidosos e penetramos cos nosos monos, as nosas máscaras para o po e as nosas perrucas de paíaso. Unha comitiva á vez dura, alegre e humorista. E fixémoslo á luz do día; ían dar as cinco da tarde. Sabíamos que non era legal, pero iso non nos importaba. As leis son demasiado curtas, iso díxenlle á miña nai cando lle comentei no que me ía a meter. As leis están aí para intentar pór freo ao que puidese ir máis aló do que sen dúbida non poden ter ben atado. Mentiría se



dixese que non estabamos algo asustados. Nas semanas anteriores puxémonos na peor das situacións: algúns nos imaxinabamos pasando tres noites nos calabozos, con negróns nos nosos corpos e unha multa debaixo do brazo. Pero non foi así. O cal volveunos a confirmar que o medo tan só é bo cando serve para ser prudente, pero que a prudencia é mala compañeira se che inhibe de realizar os teus soños. De aquí unha lei para actuar tanto no amor como na política: ser realistas, pero sempre debes arriscarte a facer un pouquiño máis do que pensas que che resulta alcanzable. Unha máxima resumida maxistralmente fai xa algún tempo baixo o slogan "¡Sede realistas, pedide o imposible!". A realidade é tan terca como mentireira: o posible sempre vai máis aló do esperado. Bo exemplo diso podémolo achar en Chiapas, naqueles indios que un día decidiron que o mellor manual de teoría política non podía ser outro que *O Quixote*, personaxe quimérico e tolo, pero tamén valente e honrado.

III

Á gruta entramos vinte e dúas recicladoras. Dividímonos en cuadrillas de traballo. O meu "xefe" era Maca, outro reciclador. Chamábámolo "xefe" simplemente para cachondearnos de tan ridícula e inútil figura laboral. Maca é un encanto. El non mandaba, pero si

facía falla apresurar, nun momento dado, asumía a coordinación da cuadrilla. Eramos a brigada dos desescombradores. Durante cinco horas os nosos brazos e costas encargáronse de remover o lixo, mentres as outras cuadrillas traballan: brigada de desinfección, brigada de electricistas, de carpinteiros, etc. Entre todas montamos un escenario para os espectáculos culturais; construimos unha habitación cunha tarima, e sobre ela colchóns. Alí durmiríamos en comuna, para resistir os posibles intentos de desaloxo. Tamén levantamos unha barra, e puxemos mesas e cadeiras, creando unha sorte de Café-Pirata. Tiñamos un cronograma e uns tempos que cumprir. En cinco horas virían moitos máis recicladores a celebrar connosco o que, como avanzada, coas nosas mans estabamos creando. Ao final, non sen un pouco de atraso, conseguimos cumprir o programado. Cando acabamos, todas sentiámonos esnaquizadas. Un compa que viña das okupas de Valencia confesoume que xamais vira unha okupación tan ben organizada. Aínda que

reventados, ninguén podía disimular a felicidade. Xamais presenciei tantos abrazos. Supoño que algo parecido a esta euforia deberon sentila os campesiños de Thomas Müntzer cando, no século XVI, ao berro de *omnina sunt comunia*(¡todo é de todos!) comunalizaron a cidade de Munster; ou cando, uns anos atrás, nas rúas abertas de Seattle as multitudes conseguiron desbaratar, federativamente, o paripé montado pola Organización Mundial do Comercio. A nosa xesta é moito máis modesta, sen dúbida. Tan só abarca un pequeno puntíño dun unha pequena e remota cidade, situada non lonxe do Fin da Terra, *finis terrae*. Pero a alegría era inmensa. Escoitei a un dos nosos punkis, emocionado, dicir a outros que estaba orgulloso de traballar con eles. As súas palabras eran estas: “estou orgulloso de vós, tíos, estou orgulloso de estar aquí”. O mesmo díxome un dos nosos arquitectos. Exactamente o mesmo que dicía o meu amigo Xesús. Era algo que escoitabas por todas partes. Estas mesmas palabras repetiunas Xiao, coa súa roupa que parecía sacada dun programa de bricolaxe da tele, quen con Brais, Lau, Emilio e un dos Antonos déronse á carpintería. Un aplauso para todas, pediu, e ben que nolo demos. As tensións e diferenzas que durante os seis meses de asemblea foran expresadas, por un momento, aínda que sexa por uns instantes, parecían evaporarse. Algo se apoderaba de nós, como unha pantasma que nos empuxaba desde aqueles vellos tempos de Munster. Será esta forza misteriosa da que nos falaba Walter Benjamin, a forza dun pasado silenciado que se volve alcanzable no relampagueo que produce un acontecemento dado?

IV

Mentres nós reciclábamos o hábitat das nosas consciencias, fóra, seis ou sete irmáns velaban pola nosa seguridade, para que puidésemos cumprir coa nosa parte. Elas quedaron ás portas, coidando de nós. Estaban alí para parar á policía, para que non entrasen a golpes; para evitar celas de arresto,



negróns e sangue. A iso arriscabámonos. O primeiro muro eran os avogados, interlocutores, verdadeiros escudos humanos. Dentro da gruta, vendo aos vinte e dous desprazándose por todos lados, armoniosos como unha bandada de paxaros, pensei que máis que aves parecíamos un grupo de equilibristas formando unha figura fermosa pero complicada. O éxito dependía da confianza mutua; que o brazo dela aguante, e as costas del non se dobre. Non sabiamos moi ben o que pasaba máis aló das portas que atrancáramos, pero tampouco podíamos pensar niso, tan só confiar naqueles que velaban por nós, e sabiamos que podíamos ter confianza, aínda cando eramos concientes de estar camiñando sobre o arame.

V

Xunto aos avogados estaba a brigada mediática. Elas organizaran a andrómene cos medias. Se queriamos que a Reciclaxe continuase tiñamos que parar aos especuladores e as súas Forzas da Orde. Pero para iso debiamos convocar ao resto de compas, a través dos nosos medios de contra-información, por suposto, utilizando as nosas redes e dispositivos -o Galiza Indymedia, por exemplo- pero tamén tiñamos que ventilar o conflito nos media convencionais. Había que traer aos roedores da actualidade, facelo como o famoso flautista, e así representar ante eles a obra que tiñamos preparada. E conseguímolos. Unha Recicladora disfrazada de ama de casa leulles o noso comunicado. Aínda que o certo é que quedaron con ganas: querían entrar á casa, pero non lles deixamos.

VI

Non sabería dicir exactamente cantos eramos entón, ou cantos somos agora. Ao longo destes dous días que transcorreron debéronse de pasar pola Okupa un par de centenas de compas. Non só de Coruña, a axuda dos nosos amigos de Vigo e Compostela foi inestimable. Todas e cada unha, somos fillas díscolas dunha xeración ben longa. Os que estabamos alí non tiñamos nin veintipico, nin

trinta e tantos, nin corenta e algo. Iso só son aparencias. A nosa xenética se engarzaba con Thomas Müntzer e máis aló. Esta é a miña xeración. E quixera falarvos dela, e como a súa pantasma materialízase na nosa pequena cidade situada case no Fin da Terra. Pero antes gustaríame acabar de contarvos esta historia de como unha peste convértese nun animal indomable, protexido con garras precarias, pero cun corazón xigante.

VII

Así que saímos do noso agocho para okupar unha casa abandonada en Coruña, no número 14 da rúa Atocha Alta. Levaba anos abandoada. É propiedade dun especulador, nun dos barrios máis castigados pola praga do diñeiro fácil. Monte Alto é unha das zonas da cidade onde o prezo do chan máis se encareceu. As clases media-altas veñen, as outras vanse: isto chámase xentrificación. Monte Alto vive preso da especulación máis salvaxe, e o propietario da gruta onde entramos, cunha corentena de pisos no seu haber, é un dos que máis tallada se saca. Nós convertemos este niño de víboras nunha casa social, un espazo aberto onde a cultura creativa e o activismo solidario valóranse moi por encima, e a pesar do, capital. Somos *freaks*, iso témolo claro. Ás veces chanceo con iso: ¡Quen non sexa *freak* que se marche!

VIII

Atocha Alta 14 non era só un espazo abandoado á súa sorte durante moitos anos, senón un foco de putrefacción, unha cloaca urbana. Atocha Alta 14 é o símbolo do capitalismo e da política actual. O segundo día de okupación os compas construíron coa madeira que estaba alí abandoada tres papeleiras de reciclaxe: para papeis, inorgánicos e vidros. Non son tres colectores sen máis. Atraveríame a dicir que estas madeiras son os nosos símbolos. O lugar baldío e putrefacto que era



Atocha Alta 14 era o símbolo da miseria da política e economía que soportamos. Símbolo do putrefacto da explotación e especulación do capital. Símbolo do baleiro que as promesas e as falsas esperanzas dunha democracia, curta, moi curta, que limita a participación a unha papeleta cada catro anos: ¡Vota Mal Menor! Pero todos malos. Símbolo dunha convivencia social cortocircuitada por algunhas e incomprensibles leis da propiedade privada: ora protexen o abandono de miles de casas na nosa cidade, mentres que moitos mozos non atopamos onde caernos mortos; ora, baixo a escusa de “defender as ideas de todas”, condenan o compartilas libremente, e chámannos “piratas” e impoñennos un Canon. E si, somos piratas do coñecemento, a política, o amor e o espazo. Piratas siderais convertidos en recicladores. Queremos reciclalo absolutamente todo. Por iso as papeleiras que temos construído son o noso máis íntimo símbolo. Por unha banda, saneamos o espazo, e reutilizamos os materiais que aí estaban, para facer dunha chea de lixo unha fábrica de soños antagonistas. Xamais a reciclaxe foi tan útil como agora. Onde se amontoaban os palés podrecidos, agora os compas rin; onde se amontoaban cascallos, os compas proxectan films alternativos, ou realizan *performances* provocadoras, e o DJ move os pratos. A este animal político recentemente nacido quixémoslle chamar Laboratorio Social Okupado, sede dun colectivo sen máis obxecto que o de ser un PROCESO. Somos proceso que devén animal, animal totémico, unha pantasma que se encarna no Nº14 nun ente estático, un espazo, que paradoxalmente corre rápido e morde forte. Gravamos a lume a nosa marca na carne do animal. Na fachada esta o noso selo: A Cultura PreOkupa. Nós reciclámolo todo. Reciclamos o espazo, certo! Pero tamén reciclamos, aínda que sexa nun microcosmos, o que simboliza Atocha Alta 14, o que se entende por urbanismo e o que se entende por política, cultura e democracia. Nós falamos de





creatividade sen capital e de política sen políticos. Somos bizardos e redistribuidores, como os DIGGERS ingleses do XVII, que ao okupar as terras abríanas e as comunizaban. Temos que abrir os armados. Se faltan espazos sociais, culturais e comunitarios, nós liberámoslos e poñémoslos nas túas mans. Canto vos cobraremos por iso? Como os nosos soños, agora Atocha Alta 14 é GRATIS.

IX

A nosa okupación apunta ao centro do furacán. Fose máis fácil okupar noutro lugar, talvez na periferia. Con todo, decidímonos por actuar no centro da cidade, unha okupación quimérica, quixotesca, no centro da especulación inmobiliaria. Pero quixemos apuntar máis aló do evidentemente posible para ver se o xigante é un xigante, ou só un muíño desvencillado. Apuntamos alto, pero sabemos que estamos experimentando. Somos un Laboratorio Social de subversión, creatividade e alegría. E senon sae desta, reapareceremos noutra parte. "Somos los duendes que habitan en las casas abandonas", cantaba un compa mentres levaba madeiras de aquí cara alá. Non temos meta, somos proceso. Encántannos as metamorfoses. E temos metamorfoseado o espazo que agora é o noso hábitat: de foco de infección e especulación, a epicentro de activismo e solidariedade. Coma se dun nodo telúrico setratáse, unha multitude de entes achéganse reptando polas redes creadas. Aqueles que seguen soñando cun mundo distinto poboan con nova vida o espazo. Un espazo vivo, animado polo encanto do animal totémico, o Tótem Okupa. Un animal que nin está domesticado nin pode estalo. Tampouco se trata dun animal doméstico, local, da casa, pois as súas carnes ábreanse para abrazar a calquera foráneo que non veña nin con porra, nin con pistolas nin con placas. É así que esta arquitectura de desolación, podremia e desidia, converteuse nun lindo Centro Social

poboado por moi distintas especies sociais. De larva a bolboreta. Un xornal chamounos "asaltadores" e tamén "invasores". Pero xa o dixen, nós somos recicladores.

X

Dalgún xeito, como por arte dunha escura maxia, lográmonos irmandar os punks anarquistas cos postmodernos cognitarios, os arquitectos sociais cos nómades Crust, os galeguistas sen prexuízos coas parafeministas aloucadas, cos artistas alternativos, cos que viñan do zapatismo e os que viñan do movemento da insumisión dos noventas, okupas en xeral, e algúns máis que non sabería moi ben en que categoría situalos. Talvez isto sexa o de menos. Pero o importante é que todas estas identidades e ideoloxías puideron ser renegociadas. Foi increíble presenciar este reencontro. ¡Facía meses que non vía tantas desas caras! Xente que pasara polo C.S. Mil Lúas, polo C.S. Ovella Negra; por outras okupas coruñesas como As Ruínas, A Kloaka ou a Okupa da Ría; polas acampadas contra a guerra, ou as manis contra a LOU e contra a globalización, etc. Por exemplo, aí estaba un vello amigo que antes era punk, que pasaba por algunha mani, e que agora vai montar unha clínica de ortodoncias na cidade. Non sei, podería falar de moitos máis reencontros, xente que pensaba que estaban xa á marxe deste tipo de actividades, pero que volveron, animados pola maxia do espazo liberado. E, quen senón a pantasma desta longa xeración pódoos convocar?

Outras caras eran novas, moi novas. Coñecinas nese momento, nas festas coas que acaban as xornadas de actividades e traballo na nova okupa. E outras xa eran moi coñecidas, cálidas e próximas, aínda que realmente nos coñezamos de pouco e fai nada. Uns meses algúns dos Recicladores nin sequera nos coñeciamos. Ao final do primeiro día,



logo de acondicionar o local, chegou máis dun centenar de compas a festexar a okupación. Estabamos proxectando un vídeo. Era o dunha manifestación e unha serie de accións do 1º de Maio en Vigo. Nela víase ao Bloque Precario en acción. Na mani estaban algún dos colectivos que hoxe formamos este proceso de reciclaxe que chamamos A Cultura PreOkupa. Algúns, pero non todos. Daquela aínda non coñeciamos aos nosos amigos arquitectos, pero un deles, ao explicarlle a outro que acababa de chegar o que estabamos vendo díxolle: “isto foi o ano pasado. Isto é ou que a nosa xente fai”. De súpeto, todos eramos A Nosa XENTE. Escoiteino sen querer, estaba por aí, pero non puiden alegrarme máis de telo escoitado. Non ocupamos unha casa. Creo que iso é o de menos. ¡construímos un caleidoscopio! Centos de cores distintas, funcionando todos xuntos e mantendo as nosas singularidades cromáticas para crear algo fermoso. Iso é: ¡Somos un caleidoscopio!

XII

Direi algo agora sobre a miña xeración. Eu empecei a meterme nestes tinglados cando finalizaba o segundo milenio. Daquela aínda seguía funcionando o movemento dos insumisos, aquel poderoso movemento sen partido que acabou coa mili. Por entón asumiran a estratexia que chamaban “insumisión nos cuarteis”. Alistábanse ao exército, e axiña entraban, desertaban. Moitos acabaron entre reixas, outros se libraron. A idea era provocarlle ao goberno unha situación insostible, con tantos insumisos no cárcere, e o certo é que ao final, entre unhas cousas e outras, tiveron éxito. No 1999 eu estaba cos meus compas na Cidade Vella, ante o cuartel, apoiando a Joseph e Alberto, dous insumisos desertores que se presentaban para ser arrestados. Viñeron os dous montados nunha bicicleta, disfrazados de presidiarios cun mono a raias negras e brancas. Logo pasáronse máis de dous anos no cárcere por oporse pacíficamente ao autoritarismo e as guerras. Un dos nosos compas, que é profesor de dereito penal, sempre nolo



recorda: todos somos infractores, absolutamente todos nalgún momento violamos as leis, desde cruzar pola rúa en vermello como viandantes, ata defraudar a fraude de Facenda. Sen dúbida as súas leis son demasiado curtas. Así son as cousas, matar a varios centos de miles de iraquís é democracia, pero solidarizarse para evitar as mortes ben pode ser un delito duramente sancionable.

Moi pouco tempo despois, algo aconteceu nas rúas de Seattle, berce de Microsoft e Starbucks, do capitalismo informático global e do capitalismo de delicatessen para masas. O “fin da historia”, da que falaban os neocon e os neoliberais na década dos noventa, parecía chegar ao seu paradoxal final coa entrada en escena dun movemento múltiple, sen vangarda nin partido real -aínda que algúns intentasen selo- e tremendamente plural. Á vez que eclosionaba o movemento alter-globalización en Seattle, Praga, Barcelona, Xénova e tantos outros lugares ata chegar á recente batalla de Rostock en Alemaña, en Coruña algo cambiaba. Nestes primeiros anos do Terceiro Milenio púñase fin ao anterior ciclo dos noventa: os colectivos zapatistas diluíanse para reavivarse baixo distintas formas; a lendaria Okupa da Ría era desaloxada; a insumisión esgotábase ao alcanzar os seus obxectivos. Pero das entrañas deste magma xurdiron un sen fin de loitas e novos animais políticos. Os anarquistas abriron na Falperra o Centro Social Ovella Negra, outros a distribuidora anticomercial Meiga Alternativa xunto ao Campo da Leña. Xuntos organizaron a primeira mani alterglobalización en Coruña, no 2001. Ao ano seguinte volvérona a convocar os ácratas cun colectivo de estudantes: a Asemblea Contra a Guerra e a Globalización. Ao pouco Meiga Alternativa mudouse de local. Logo dun ano de asembleas, xunto con outras compas abriron o Centro Social Mil Lúas, e os seus cincocentos metros cadrados en Orillamar convertéronse no



epicentro da actividade cultural alternativa coruñesa. Tamén, entre uns e outros, e co colectivo Redes Negras (redesnegras.blogspot.com) okuparon durante trinta días o Parque Europa. Puxeron as súas tendas de campaña para protestar contra a guerra en Iraq. De aí saíron varias manifestacións, e espímonos trinta e catro persoas no monte de San Pedro, ante os canóns, formando cos nosos corpos unha frase concisa: NO WAR. Era o ano 2003. Por aquel momento xurdiu o Centro Social Atreu (atreu.info), impulsado polos nacionalistas de esquerdas, e tamén Las Ruinas, unhas naves industriais abandonas e okupadas, onde a milieus da música Hard Core e Crust crearon unha sala de concertos alternativa, baixo a filosofía do Do It Yourself. Alí tocaron grupos que viñan desde Francia ata Estados Unidos, e todos os grupos coruñeses (Honngo, Ekkaia, Madame Germen, Nashgul, etc.). Tamén lles deixaron o local aos colectivos autónomos para que organizasen concertos reivindicativos. Por exemplo, para sufragar a campaña dun compa que finalmente morreu en prisión, o noso amigo Xosé Tarrío (es.geocities.com/xosetarrio). A aparición do Atreu coincidiu cun fenómeno moito máis amplo: a proliferación no mundo nacionalista dunha multitude de centros sociais ao longo e ancho do país; máis dunha vintena actualmente. Neles a vella política é reciclada baixo novos patróns, nos cales a asemblea e a horizontalidade cobran forza, e redefínese a política como unha política desde a vida cotiá.

XIV

Durante eses anos que van desde o final do milenio ata o 2003 ou o 2004 vivimos un fragor sen igual. O certo é que os movementos sempre nos desbordaron: miles de estudantes cortaban repetidamente Lavedra para protestar contra a LOU e o neoliberalismo, as facultades estiveron durante meses de folga, e realizáronse varios



peches, non só en Coruña, senón en todo o estado. E o mesmo poderíamos dicir das multitudinarias manifestacións contra a guerra en Iraq, ou dos 500.000 que protestaron contra a globalización do capital en Barcelona, ou contra a catástrofe do Prestige, a súa administración e as súas consecuencias. Se se me permite, gustaríame recalcar que, salvando as diferenzas, todas estas loitas, do mesmo xeito que as nosas experiencias en okupas e centros sociais, comparten unha similitude: o protagonismo é social, é a multitude, a federación fugaz das múltiples singularidades -o caleidoscopio- o que comanda a acción. Xa non mandan os partidos. De feito, se vótaseselles, a maioría das veces non porque se lles queira, senón como na Arxentina tras o 2001, para evitar que saia o mal maior: a bobada do voto útil, dirían algúns, aínda cando desexasen gritar cos piqueteros e as cacerolas, ¡que se vaian todos, que non quede ningún!

XIII

Despois do 2004 todo pareceu volver á normalidade, como na resaca tras do 1968. Salvo que a diferenza do que ocorrera entón con De Gaulle, nós logramos botar do goberno ao PP, tanto en Galiza como en España, e agora tocábanos batallar cos neoliberais de “esquerdas”, o PSOE, e aqueles outros que non cesan de neoliberalizarse, o BNG. En Coruña o Mil Lúas fora definitivamente pechado, tras as xogadas sucias do Concello. En Las Ruinas os okupas tamén se tiveron que marchar, e o Oveja Negra, tras cinco anos dando batalla, consumíuse en si mesmo. O pesimismo estaba á orde do día, pero as chispas dalgún modo seguían acendidas. Do Mil Lúas xurdiu un novo espazo social -A Deriva-, pero moito menos potente. De Las Ruinas xurdiu outra okupa hardcoreta, A Cúpula del Trueno, pero finalmente tivo que ser abandona. Dos anarquistas xa non quedaba gran cousa, salvo os dous sindicatos CNT e CGT que estoicamente aguantan aí, ano tras ano, a vento e marea. Dos estudantes non quedaba case nada. Con todo, a okupación da Cúpula, ou doutra experiencia punk -La Kloaka- así como a vida que

en torno ao A Treu e as redes cibernéticas se estaban dando, alertaban que nada acabara.

XV

O CS Atreu transformouse nun monstro multicolor. Xa non foi máis o que era. Por alí empezaron a parar a xente de Mil Lúas/A Deriva, tamén algún dos vellos ácratas de Oveja, os activistas transnacionais de Fuga Em Rede (global.fugaemrede.info), e chegaron os arquitectos de Ergosfera (ergosfera.org) e Arquitectos Sen Fronteiras (www.asfes.org), os da revista Transversal (nodo50.org/transversal), e comezaron a traballar as cognitivas (cognitarias.blogaliza.org), as parafeministas do colectivo Nomepisesofregha (nomepisesofreghao.blogaliza.org) e os guerrilleiros da comunicación de Olholivre (aderiva.net), tamén os irmáns de Maribolheras Precarias (maribolheras.blog.com), sen dúbida un colectivo tan creativo como efectivo, tan novo como apaixoante. Todos eles atopáronse nun proxecto, o Colectivo Invisibeis (invisibeis.blogaliza.org), que nacera das loitas pola vivenda impulsadas pola rede difusa V de Vivenda (vdevivienda.net).

Ao fin, a Asemblea de Okupas decidiu -decidimos- dar un paso máis aló que reivindicar unha vivenda digna. Decidimos tomala por nós mesmos. E aquí estamos. Ao entrar, o cheiro a cemento do local evocáballe a algún o Mil Lúas. Outros, mirando a composición dos que alí estábamos, recordamos a pluralidade que se deu cita na okupación do Parque Europa. Outros non podían senón emocionarse ao verse outra vez en activo, outra vez nun espazo liberado, ou como dicía a xente de Oveja, unha “zona sen Estado”.

XVI

Durante os seis meses que nos requiriu planear a okupación tiveron lugar diversas discusións e momentos de tensión. Cada un entendiamos o proceso e a okupación dun xeito distinto. Agora que estamos dentro, aínda que sabemos o que nos diferencia, sentimos un pouquiño máis que estamos onde realmente sempre tiñamos estado, aínda que ao longo do camiño en varios momentos nos pesaran máis as nosas diferenzas que as nosas semellanzas, isto é, estamos coa nosa XENTE, facendo o que nos gusta.

Os dous primeiros días de okupación foron os momentos da euforia e festexo. Os seguintes serán críticos. Sabémolo todas. Un compa que viña da experiencia das Ruínas e A Cúpula

dicíao moi ben en ton realista: “ao principio sempre é todo moi bonito, pero o importante vén despois...”. Poden aparecer novas tensións, conflitos derivados do desgaste e a permanencia no local, das hipotéticas visitas da policía ou dun posible desaloxo. Pero sempre tivemos claro que máis importante que o espazo en si mesmo o é o PROCESO, isto é, o Devir, a produción de encontros e acontecementos.

Nós invocamos a aqueles que senten simpatía por aquilo que simboliza unha cultura que preOkupa, e que senten aversión co que pola contra simbolizaba antes Atocha Alta 14. Invocamos aos co-conspiradores e apareceron nun incesante goteo. Eles forman parte desta xeración longa da que falaba. Unha xeración que non é nin de vinteaneiras nin de cincuentonas, senón que aspirou á liberdade a través dos milenios. Somos tan novos como ancestrais e arcanos. O triunfo do noso experimento, consigamos resistir o tempo que consigamos resistir no espazo, deberá ser medido pola capacidade que teñamos en diante de proseguir articulando un movemento, máis aló da inmediatez, que consiga levar a máis radical das democracias ás rúas e espazos sociais, e reinventar nelas a nosa formas de vivir en común. Máis aló da libertación do espazo, a vitoria haberá que medila pola potencia de comunalización e apertura de novos posibles recombinantes que son enunciados desde esta afectividade, con estas palabras. Así fala a multitude sen partido.

Más info. en aculturapreokupa.blogaliza.org

